



RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA POLA QUE SE PUBLICA A LISTAXE DEFINITIVA PARA O OUTORGAMENTO DA MODALIDADE DE ALGAS AO ABEIRO DO PLAN DE XESTIÓN PARA O RECURSO ESPECÍFICO ALGAS, MODALIDADE DE MERGULLO EN APNEA E CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE, DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE MALPICA

ANTECEDENTES

1. O Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, regula no artigo 19 os plans de xestión de nova incorporación e o período de vixencia.
2. A resolución do 10.07.2020 da Consellería do Mar, aprobou o Plan de xestión de marisqueo de nova incorporación para a conservación e explotación de algas 2020-2021, na modalidade de embarcación con técnicas de mergullo, presentado pola confraría de pescadores de Malpica (PE410A 2020/3-1), establecendo un número máximo de participantes de 4 embarcacións e 12 mergulladores cun máximo de 3 mergulladores por embarcación, entre as persoas armadoras solicitantes asociadas á entidade titular do plan de xestión.
3. O 16.07.2020, a confraría de pescadores de Malpica solicitou o inicio da convocatoria do proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de algas no permiso de explotación das embarcacións.
4. Por resolución do 05.10.2020 esta xefatura territorial convocou o proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de algas a catro (4) embarcacións e doce (12) cotas para mergulladores, cun máximo de tres (3) mergulladores por embarcación, entre as persoas armadoras solicitantes asociadas á entidade titular do plan de xestión, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión de algas da confraría de pescadores de Malpica e estableceu un prazo de 15 días hábiles para a presentación das solicitudes.
5. Por resolución de 12.11.2020 desta xefatura territorial, publicouse a listaxe provisional das embarcacións admitidas a dito proceso selectivo.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece nos seus artigos 26 a 30, o procedemento para a obtención da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación.
2. A resolución do 12.11.2020 pola que se publicou a listaxe provisional admitiu ás tres embarcacións presentadas para obter a modalidade de algas cun máximo de tres cotas para mergulladores cada unha no permiso de explotación.





3. O número de embarcacións participantes admitidas (3) foi inferior ao número de modalidades ofertadas para o seu outorgamento (4).

4. En aplicación do punto A.1 de Criterios xerais do anexo I do baremo aprobado pola resolución do 04.05.2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola resolución do 18.05.2020, non foi necesario proceder á valoración das solicitudes coa que establecer unha orde de prelación para seleccionar ás embarcacións.

5. As embarcacións están asociadas á confraría de pescadores de Malpica e teñen o porto base en Malpica. Teñen o permiso de explotación vixente para a vida útil do buque e cumpren os requisitos sinalados para obter a modalidade do recurso específico algas (apartados a, b e c do artigo 25.1. da Orde do 30 de decembro de 2015).

6. Esta xefatura territorial é o órgano competente para o outorgamento da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións de conformidade co establecido no artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

1. Aprobar e facer publica a listaxe definitiva das embarcacións admitidas para acceder á modalidade de algas no permiso de explotación cun máximo de tres cotas para mergulladores por embarcación, que se indica a continuación:

EMBARCACIÓN	MATRÍCULA E FOLIO	TITULAR DO PERMISO DE EXPLOTACIÓN
DOLO	CO-3-2-13	DIEGO VIDAL ORDÓÑEZ
PORVEN	CO-3-1504	JOSÉ ANTONIO GARCÍA MONTES
XIBARTE	CO-3-1-13	MANUEL MARTELO SOUTO

2. Para a obtención da modalidade e a adxudicación final do número de cotas a cada embarcación, que dependerá do número de habilitacións solicitadas, das persoas que teñan enroladas á vista do rol de despachos da embarcación coa dotación da tripulación enrolada nela e das certificacións profesionais. Dita solicitude terá en conta o número máximo de tripulantes que a embarcación pode enrolar (Certificado de conformidade).

Lémbrese que, en todo caso para o exercicio da actividade, cumprírase coas normas de seguridade para o buceo de extracción de recursos mariños vivos (Real Decreto 550/2020, de 2 de xuño, polo que se determinan as condicións de seguridade das actividades de buceo).

Para a comprobación disto as persoas armadoras das embarcacións seleccionadas disporán dun prazo de quince (15) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación da presente resolución para presentar a seguinte documentación:

- Rol de despachos actualizado da embarcación coa dotación de tripulación enrolada nela.
- Certificacións profesionais que correspondan ás persoas tripulantes enroladas, agás as expedidas pola Consellería do Mar, de ser o caso. A autorización expresa para a consulta destes datos realizarase empregando o anexo X da Orde do 30 de decembro de 2015





- c) As embarcacións seleccionadas deberán pagar a taxa correspondente para a expedición dos novos permisos de explotación onde quedará reflectida a modalidade e o número de cotas asignadas.

O artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, establece a obrigatoriedade para as persoas traballadoras autónomas de relacionarse a través de medios electrónicos no ámbito do sector público autonómico para os trámites e as actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional. Por tanto, as solicitudes e a documentación indicada, deberán presentarse por vía electrónica a través do formulario normalizado PX006A (achega de documentación adicional) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para a presentación das solicitudes será necesario o Documento Nacional de Identidade electrónico (DNIe) ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

As persoas que dentro do prazo fixado non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 1.2 da convocatoria, entenderase que desisten da súa solicitude.

De acordo co disposto no Decreto 425/1993, do 17 de decembro e a Orde do 30 de decembro de 2015, as embarcacións seleccionadas que presentasen a documentación dentro do prazo establecido deberán cumprir ademais cos seguintes requisitos para a obtención da modalidade no permiso de explotación e das cotas asignadas:

- a) Ter menos de cinco artes ou modalidades no permiso de explotación da embarcación. No caso de ter cinco, deberá xustificarse a renuncia a unha delas.
- b) Non ter sancións firmes en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento.
- c) Que as persoas tripulantes estean en posesión dos certificados profesionais correspondentes.
- d) O/A armador/a da embarcación non poderá ser titular dun permiso de explotación a pé para recursos específicos, debendo renunciar a este no momento da obtención da modalidade.

A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios da xefatura territorial de A Coruña e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Malpica.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Esta resolución notifícaselle á confraría de pescadores de Malpica, como entidade titular do plan de xestión de algas, consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A xefa territorial
M^a José Cancelo Baquero
(sinatura electrónica)



Xacobeo 2021

